

Festas de Sar

ANTONIO HERNÁNDEZ

Todo listo en Sar para vivir os seus días máis especiais

Do 15 ao 17 de agosto, o emblemático barrio compostelán celebrará as súas festas, con actos relixiosos, música e un bo feixe de actividades

Saínza Seoane

Ás 10.00 da mañá deste sábado 15 de agosto, no ceo da parroquia de Sar retumbarán das bombas que marcan o comezo das súas festas. O barrio compostelán vestírase de gala o sábado coa Festa na honra da Nosa Señora. O domingo continuarán as celebracións no día de San Roque e, o último día, os actos estarán dedicados a Santa Mariña.

Durante tres días, o programa de festas incluírá actos relixiosos, pasarrúas, música, competicións populares, actividades infantís e grandes verbenas.

As festas de sempre

A actual comisión de festas despídese despois dun ano cheo de eventos e iniciativas. Os encarga-

dos de levar a cabo as Festas de Sar aclaran que non haberá cambios nesta edición e o programa non contará con grandes novidades. Como destaca a presidenta da comisión, ter un itinerario de festas similar ao de anos anteriores forma parte da esencia das celebracións do barrio: "Son as festas tradicionais, as de todos os anos e toda a vida, e é tamén por conservar esa tradición e que siga sendo así".

O sábado comezará co disparo de 21 bombas e pasarrúas da Charanga Os Celtas, O Son do Viso e A. F. Colexiata do Sar. Haberá rosario ás 11.30 horas e misa solemne ás 12.30 na honra da Nosa Señora. A sesión vermú estará amenizada pola Banda de Música Municipal de Calo e o Dúo Ibiza, que tamén actuará pola noite xunto ao Grupo Galaxia. Pola tarde, ás

17.30, celebraranse os partidos de solteiras contra casadas e de solteiros contra casados.

O domingo 16, día de San Roque, repetiránse os actos relixiosos e o pasarrúas, desta vez coa Charanga BB+ na sesión vermú. Pola tarde haberá un torneo de chave para socios e socias e, pola noite, actuarán Soporano e Grupo Bomba.

O luns 17, último día das festas, as 21 bombas anunciarán o inicio da xornada. O Son do Viso e A. F. Colexiata do Sar protagonizarán o pasarrúas. Os actos relixiosos trasladaranse a O Viso, con rosario ás 11.00 e misa ás 12.30. A sesión vermú correrá a cargo de Obice Capital e pola noite actuarán Metrópolis e a disco móbil Impacto. Os máis pequenos terán o seu momento ás 17.30 co Día do Neno e Infantilândia.



Sar na edición pasada das súas festas.

Remuda na comisión

O programa mestura tradición e ocio e, ademais, será a despedida da actual comisión de festas. Despois dun ano de festas e eventos, o equipo de 'Eu de Sar de toda a vida' despedirase do seu posto no último día das festas, pero non sen antes animar os demais veciños de facerse cargo da comisión no

2027: «Dende aquí animamos a toda a xente a que colla a remuda e que manteña viva esta tradición».

Os responsables destacan o significado das festas de Sar para quen vive no barrio: «Son tres días de festa, de xuntarse coa familia e cos veciños e de ver a xente que realmente é do barrio, e iso é bo».



CONSTRUCCIONES Y REFORMAS
JOSE R NOYA, S.L.

Camiño Real de Angrois, 80
15700 - Santiago
T.: 629 855 763 - 686 844 206





TRANSTEGA
TRANSPORTES TERRESTRES DE GALICIA, S.L.

www.transtega.com

Polígono Industrial Picaña - Sector C - N-6
15980 PADRÓN - A CORUÑA
T. 981 811 626 • F. 981 810 938 • M. 627 282 828
info@transtega.com - www.transtega.com



ELCALUX

Ponte de Sar 55, bajo 15702 Santiago de Compostela
696 663 698 • 981 572 751
elcalux@elcalux.com
www.elcalux.com



INGENIERIA DEL NOROESTE S.L.

Rúa Picaños, 44 bajo - Santiago de Compostela
T. 981 571 823 • F. 981 572 123
info@ingenieriadelnoroeste.com
www.ingenieriadelnoroeste.com



Julio Rey
PROMOCIONES INMOBILIARIAS

40 años construyendo hogares

686 587 172 - 981 524 430 | Calzada de Sar, Santiago
De lunes a viernes de 9 a 19 h | www.juliorey.es

¡Felices Fiestas de Sar!
Que disfrutéis de unos días
llenos de alegría, tradición
y buenos momentos.

Nueva promoción
de viviendas en
A Muíña 2ª fase